

SGHN. Documento de posición

Campionatos de caza do raposo (*Vulpes vulpes*)

SGHN manifesta a súa posición oficial sobre os campiónatos de caza de raposo (*Vulpes vulpes*).

A realización de campiónatos de caza do raposo (*Vulpes vulpes*) en Galicia representan unha actuación retrógrada, pois disfrazan de deporte unha acción encaminada á caza dun ser vivo sen outro obxectivo ca morte do mesmo.

O raposo desenvolve un importante papel ecosistémico no monte galego, controlando as poboacións de pequenos vertebrados e eliminando restos de animais mortos que poden resultar focos de enfermidades para a fauna silvestre.

SGHN está absolutamente en contra de que a administración, como ten feito en varias ocasións, subvencionen con cartos públicos esta actividade, alomenos así figuran nos cartaces publicitarios destas actividades. Resulta indignante a que a pesares das queixas do propio persoal da Xunta e dos xestores deste Consellería, sobre a limitación de recursos financeiros, se empreguen cartos públicos para unha actividade que non beneficia á sociedade galega.

Non constan estudos, informes ou similares, de carácter independente, que avalen motivos de sobrepoboación, sanitarios ou de interese público.

A administración non publica estudos solventes sobre as densidades de poboación do raposo (*Vulpes vulpes*) tanto nos concellos onde se van desenvolver as cacerías como a media para Galicia.

Santiago, a 10 de outubro de 2019.